



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A INCORPORACIÓN E USO DA MARCA DE GARANTÍA DA USC "PESCAENVERDE" XUNTO COA MARCA DE GARANTÍA DA CONSELLERÍA DO MAR "PESCADERÍAS ¿DE ONDE SE NON?"

En Santiago de Compostela, o día 20 de setembro de 2017, na sede da Consellería do Mar,

REUNIDOS

Dunha parte, a Conselleira do Mar, Dona Rosa María Quintana Carballo, de acordo co Decreto 148/2016 de 13 de novembro, polo que se nomean ós titulares dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG Núm. 217 de 14 de novembro) investida das facultades conferidas, polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia,

Doutra banda o Excmo. Sr. D. Juan Manuel Viaño Rey, Reitor Magnífico da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (en adiante USC), actuando en nome e representación da USC, con CIF Q1518001A e sede en Pazo de San Xerome - Praza do Obradoiro, s/n, 15782-Santiago de Compostela segundo Decreto 62/2014 de 28 de maio da Xunta de Galicia (DOG de 04/06/2014), con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Ley Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (BOE de 24/12/2001) e no artigo 85 dos Estatutos da USC, aprobados por Decreto 14/2014 de 30 de xaneiro de la Xunta de Galicia (DOG de 29/02/2014).





EXPOÑEN

Primeiro. Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido, o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, os mercados, a comercialización, a manipulación, a transformación e a conservación dos produtos pesqueiros. Así mesmo, no seu artigo 2.7, a citada Lei destaca: "7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos."

Neste sentido, a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

Segundo. Que a USC é unha entidade que desenvolve actividades de Investigación, Formación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico e que entre os seus fins esenciais atópase o de contribuír ao avance tecnolóxico para mellorar as condicións e calidade de vida do entorno social. O Departamento de Enxeñaría Química conta co grupo de investigación de Enxeñaría Ambiental e Bioprosos, no que Gumersindo Feijoo Costa é un dos investigadores principais, e que conta cunha liña de investigación denominada "Sostibilidade de produtos e procesos: Avaliación do ciclo de vida e pegada ambiental".

Terceiro. Que a Consellería do Mar conta é propietaria da marca de garantía "pescadeRías ¿de onde se non?" que é un selo de identidade para a promoción e defensa do peixe e marisco procedentes da flota artesanal galega, con número de rexistro 2758558 para as clases 29, 31, 35 e 39 do Nomenclátor internacional e con número de rexistro 2753099 para a clase 43 do Nomenclátor internacional.

Cuarto. Que a USC é titular da marca de garantía rexistrada na Oficina Española de Patentes e Marcas con denominación "pescaenverde", con número de rexistro 3.075.258, para as clases 29, 41 y 42 do Nomenclátor internacional, que ofrece información ao consumidor sobre a pegada de carbono e a taxa de retorno enerxético



(www.usc.es/pescaenverde.es). Inclúese como Anexo I unha memoria sobre a marca "pescaenverde".

Quinto. Que a Consellería do Mar considera de especial interese incorporar a marca de garantía "pescaneverde" aos produtos asociados á marca de garantía "pescadeRías ¿de onde se non?".

Sexto. Que a USC ten interese en aplicar a marca de garantía "pescaenverde" aos produtos asociados á marca de garantía "pescadeRías ¿de onde se non?".

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración técnica e financeira para a incorporación e uso da marca de garantía da USC "pescaenverde" xunto coa marca de garantía da Consellería do Mar "pescadeRías ¿de onde se non?".

SEGUNDA. OBRIGAS DAS PARTES.

A Consellería do Mar e a USC comprométese a coordinar as súas respectivas accións de promoción relacionadas coas marcas de garantía "pescadeRías ¿de onde se non?" "pescaenverde".

TERCEIRA. OBRIGAS DA USC

A USC comprométese á realización das seguintes actividades:

- Análise dos datos relativos a novas embarcacións, lonxas ou frotas que se incorporen á marca de garantía "pescadeRías ¿de onde se non?" con fin de analizar os datos relativos a pegada de carbono e taxa de retorno enerxético das especies capturadas.



- Elaboración de informes relativas ao cumprimento dos requisitos de pegada de carbono e taxa de retorno enerxético de novas embarcacións, lonxas ou frotas que se incorporen á marca de garantía "pescadeRías ¿de onde se non?"
- Actualización na páxina web www.usc.es/pescaenverde das embarcacións, frotas, lonxas usuarias de "pescadeRías ¿de onde se non?" que cumpren os requisitos estipulados para a concesión da marca de garantía "pescaenverde".
- Desenvolvemento do protocolo de incorporación e uso da marca de garantía da USC "pescaenverde" xunto coa marca de garantía da Consellería do Mar "pescadeRías ¿de onde se non?" segundo Anexo III.
- Impartir o curso de formación "Pescaenverde: Metodoloxía, Fundamentos e casos prácticos" a persoas indicadas pola Consellería do Mar.

CUARTA. OBRIGAS DA CONSELLERÍA DO MAR

A Consellería do Mar comprométese á realización das seguintes actividades:

- Proporcionar os datos recollidos no Anexo II necesarios para a avaliación de a novas embarcacións, lonxas ou frotas que se incorporen á marca de garantía "pescadeRías ¿de onde se non?"
- A realización de accións de difusión das marcas dentro das deseñadas para "pescadeRías ¿de onde se non?"

QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para os efectos de velar pola boa marcha e cumprimento do estipulado no presente convenio créase a comisión de seguimento do mesmo, que estará composta: polo xefe de Servizo de Mercados da Consellería do Mar e por Gumersindo Feijoo Costa, profesor catedrático da USC e Fernando Rafael Pardo Seco, técnico da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC. Esta comisión reunirse cando así o solicite unha das partes cunha periodicidade mínima trimestral e será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

SEXTA. CONDICIÓN ECONÓMICAS

A Consellería do Mar comprométese a aboar, en función dos traballos realizados pola USC e recollidos na seguinte táboa:

Accións	Achegas da Consellería do Mar	Achegas da USC
Avaliación de lonxas incorporadas a pescadeRias dende Xullo de 2016	Proporcionar un listado de lonxas e a información recollida no ANEXO II sobre as embarcacións asociadas a pescadeRias, de onde senon?	Elaboración do traballo de análise de datos para a inclusión de novas lonxas embarcacións. Participación de 2 catedráticos de universidade e un investigador postdoutoral: <ul style="list-style-type: none"> Gumersindo Feijoo (Catedrático de universidade) María Teresa Moreira (catedrática de universidade) Pedro Villanueva (investigador postdoutoral)
Promoción da incorporación de "pescaenverde" a produtos asociados a "pescadeRias"	Difusión da marca "pescadeRias ¿de onde se non?" combinada con "pescaenverde"	Participación nas difusións organizadas pola Consellería do Marca.
Formación: cálculo da pegada de carbono e a taxa de retorno enerxético	Indicar 10 persoas ás que a USC impartirá o curso de formación: "Pescaenverde: Metodoloxía, Fundamentos e casos prácticos"	Impartir o curso de formación "Pescaenverde: Metodoloxía, Fundamentos e casos prácticos"



A Consellería do Mar aboará en concepto de uso da marca de garantía pescaenverde o canon indicado no Orzamento do presente convenio, reflectido no parágrafo: "uso e integración da marca pescaenverde". O aboamento do canon farase tendo en conta as condicións establecidas nos artigos 4 e 9 do Regulamento de uso da marca de garantía, especialmente no referente ao seu alcance e duración.

Para a colaboración nos gastos asociados ás accións indicadas na táboa anterior en que incorre a USC para a realización do obxecto do convenio, a Consellería do Mar aportará á USC DEZAOITO MIL CENTO CINCUENTA EUROS (18.150,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 2017.14.02.723B.640.0, código de proxecto 2016 00286S, dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017. Sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa propia natureza como un investimento de carácter inmaterial que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais que se poidan materializar en activos.

O importe deste contravalor pola prestación que se realiza está fixado utilizando criterios obxectivos adaptados aos que rexen no mercado.

A USC empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

SÉTIMA. VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase desde a sinatura do mesmo ata o 31 de decembro de 2017, podendo ser susceptible de prórroga.

OITAVA. CONTROVERSIAS

O presente convenio de colaboración terá natureza administrativa e corresponderalle á Comisión de Seguimento, prevista na cláusula sexta, resolver as dúbidas que ocasionen a súa interpretación e aplicación, así como solucionar as controversias que se susciten.





NOVENA. RÉXIME DE PERSOAL

A sinatura deste convenio non leva consigo relación laboral ou de calquera outro tipo entre os profesionais encargados de executar as actividades que constitúen o seu obxecto e a Consellería do Mar, de tal xeito que non se poderá esixir a esta ningún tipo de responsabilidade polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento, nin polos incumprimentos nos que puidera incurrir a USC nas súas relacións cos traballadores aos que encomende a realización do traballo.

DÉCIMA. CARACTER DO CONVENIO

Este Convenio ten a natureza dos previstos no artigo 4.1.c) ou do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada lei.

UNDÉCIMA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Consellería do Mar

A conselleira

Rosa María Quintana Carballo


Pola Universidade de Santiago de Compostela

O reitor

Juan Manuel Viano Rey





ANEXO I. MEMORIA SOBRE A MARCA "PESCAENVERDE"



A Universidade de Santiago de Compostela (USC) mediante o seu Grupo de Investigación Enxeñaría Ambiental e Bioprocesos (www.usc.es/biogrup) ten traballado no ámbito da aplicación da metodoloxía da análise do ciclo de vida en sectores produtivos con especial relevancia no PIB galego e español como é a pesca. No ano 2013 a USC solicita a marca de garantía "pescaenverde" na Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM), no mesmo ano a OEPM expide o Título de Rexistro da Marca de garantía "pescaenverde".

"pescaenverde" é unha ecoetiqueta que aporta información ao consumidor sobre o impacto que os produtos pesqueiros teñen sobre o medioambiente ao mesmo tempo que aporta un valor engadido aos produtos que incorporan a marca, favorecendo a súa venda nun mercado tan competitivo como o actual.

A certificación proporcionada por esta ecoetiqueta ten o respaldo científico do Grupo de Investigación de Enxeñaría Ambiental e Bioprocesos da Universidade de Santiago de Compostela.

A ecoetiqueta pescaenverde ten asociado un software, deseñado polo mesmo Grupo de Investigación, cuxo obxectivo é promover unha ferramenta de cálculo de Pegada de Carbono e Taxa de Retorno Enerxética adaptada ás características do sector pesqueiro. Deste xeito, preténdese acadar a transferencia tecnolóxica ás empresas do sector pesqueiro para que poidan transmitir aos consumidores o perfil ambiental dos seus produtos.

Tal e como se sinala no Artigo 1º do Regulamento da Marca e garantía pescaenverde:

"A marca constitúese como unha ferramenta para promover produtos pesqueiros, en particular, peixe fresco, para indicar a pegada de carbono e a taxa de retorno enerxética adaptada as características específicas do sector pesqueiro. A marca implica a identificación e cuantificación tanto das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI)

que se xeran como a da enerxía que se consume nas actividades extractivas das embarcacións pesqueiras, operación portuarias e distribución.

Deste xeito pretendese incrementar a competitividade dos produtos e o seu rendemento para o produtor e as empresas, así como a identificación por parte do consumidor daqueles produtos con mellores valores en diferentes indicadores ambientais, contribuíndo ao incremento do valor daqueles produtos que incorporen a marca de garantía "

Os dous indicadores ambientais asociados na ecoetiqueta son:

- Pegada de Carbono
- Taxa de Retorno Enerxética.

Pegada de Carbono

O concepto de pegada de carbono, isto é, o cálculo da cantidade de GEI emitidos á atmosfera ao longo do ciclo de vida dun produto medido en unidades de peso de CO2 equivalente, tivo un desenvolvemento vertixinoso nos últimos anos, non só no sector enerxético (impulsado polo Protocolo de Kyoto) e do transporte (impulsado polas Directivas Comunitarias que limitan a emisión de CO2 en automóbiles), senón tamén no ámbito dos produtos alimentarios. Así, as principais motivacións son:

- Coñecer a carga ambiental dun produto en termos da súa contribución ao quecemento global.
- Definir obxectivos e avaliar as accións encamiñadas á redución de emisións de GEI.
- Comunicar a pegada de carbono a todos e cada un dos elementos da cadea de valor aos consumidores finais dun produto ou servizo.





Figura 1. Indicadores ambientais incluídos na ecoetiqueta/marca pescaenverde

Taxa de Retorno Enerxética

O cálculo da taxa de retorno enerxética en forma de proteína comestible (TREprot) derivado do termo inglés ep-EROI (edible protein energy return on investment ratio) defínese como o cociente entre a enerxía obtida en forma proteica e a enerxía invertida para obter o devandito produto (ao longo do seu ciclo de vida). Exprésase en forma porcentual.

Metodoloxía

O uso da Marca de garantía/Ecoetiqueta pescaenverde leva asociado as seguintes características:

1. O ámbito de aplicación é moi amplo, incluíndo 128 especies de peixe e marisco.
2. O alcance defínese dende a perspectiva de ciclo de vida dende o "berce á porta".
3. A metodoloxía de análise de ciclo de vida atópase definida segundo a normativa ISO 14044.



4. No cálculo da Pegada de Carbono úsanse os factores de caracterización de quecemento global definidos polo Panel Intergubernamental de Cambio Climático para un horizonte de 100 anos.

5. Para o cálculo da Taxa de Retorno Enerxética considérase como enerxía invertida a enerxía acumulada ao longo do seu ciclo de vida.






ANEXO II. DATOS AVALIACIÓN "PESCAENVERDE"

Recóllense neste Anexo os datos que a Consellería do Mar proporcionará á USC para facer a avaliación de cumprimento de requisitos relativos á pegada de carbono e taxa de retorno enerxético:

- Embarcación:
 - Dimensións (manga, eslora, TRB)
 - Material do casco
 - Ciclo de vida (anos esperados en activo)
 - Potencia do motor
- Arte:
 - Peso e materiais de cada aparello
 - Numero de unidades de cada aparello
- Capturas:
 - Especies capturadas para cada tipo de arte nun ano natural
 - Días de faena totais e desglosados por arte.
- Consumos:
 - Combustible: diésel/gasolina (consumo para cada tipo de arte). En caso non ser posible o desglose: consumo estimado por día de faena e o total do ano.
 - Xeo consumido no ano.
 - Productos mantemento da embarcación no ano natural: lubricantes, pintura e patente.



ANEXO III. PROTOCOLO DE INCORPORACIÓN E USO DA MARCA DE GARANTÍA DA USC "PESCAENVERDE" XUNTO COA MARCA DE GARANTÍA DA CONSELLERÍA DO MAR "PESCADERÍAS ¿DE ONDE SE NON?"

Establécese o seguinte protocolo para a incorporación da marca "pescaenverde" aos novos usuarios autorizados da marca de garantía "pescadeRías ¿de onde se non?"

1. Durante o proceso de avaliación para a obtención da licenza de uso da marca "pescadeRías ¿de onde se non?" recompilaranse os datos requiridos no Anexo II.
2. A USC elaborará un informe no que se indicarán os valores de pegada de carbono e taxas de retorno enerxético por especie e arte.
3. Durante o proceso de auditoría levado a cabo pola auditora externa para a obtención da licenza de uso da marca "pescaDeRías ¿de onde se non?" farase ao mesmo tempo unha auditoría dos valores proporcionados segundo o punto 1.
4. No caso de informe favorable por parte da USC e do proceso de auditoría segundo o punto 3, e condicionado á obtención da licenza de uso da marca de garantía "pescadeRías ¿de onde se non?" autorizarase ao uso da marca de garantía "pescaenverde".



